
OFERTA DE EMPREGO EN EAPN GALICIA

PERSOAL TÉCNICO DO PROXECTO DETECCIÓN E MOBILIZACIÓN DAS PERSOAS ELEXIBLES PARA O INGRESO MÍNIMO VITAL EN SITUACIÓN DE NON TAKE-UP

A **Rede Europea de Loita contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN)**, é unha coalición independente de ONG e outros grupos que traballan polo fin da pobreza, das desigualdades e pola inclusión social, en distintos Estados da Unión Europea.

O obxectivo fundamental de EAPN é lograr que as persoas que se atopan en situacións de maior vulnerabilidade poidan exercer os seus dereitos e deberes en condicións de liberdade e igualdade, rompendo a súa situación de illamento e desvantaxe.

O Goberno de España, a través do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, puxo en marcha, no ano 2020, o chamado **Ingreso Mínimo Vital**, co que se pretendía garantir á cidadanía máis vulnerable unha prestación económica (non contributiva) que lles axudase a cubrir as súas necesidades básicas.

Con todo, observouse que unha boa parte das persoas ás que vai dirixida esta axuda non a solicitou aínda. Trátase normalmente de persoas en situacións de pobreza severa e de "ruptura social". Na práctica, ese "NON take up" (NTU), imposibilita o logro das metas previstas co IMV.

EAPN-ES está a poñer en marcha un proxecto cuxo obxectivo fundamental é revertir esta situación, a través da mobilización desas persoas, comprobando posteriormente os resultados obtidos a partir dun proceso randomizado. Paralelamente desenvolverase unha investigación acerca das causas e consecuencias do NTU para, posteriormente, elaborar un documento que incorpore unha serie de recomendacións sobre políticas para combater esta situación.

INFORMACIÓN XERAL DA POSICIÓN OFERTADA

- Posto ofertado: Persoal técnico do proxecto
- Posto a quen reporta: Coordinador/a territorial
- Lugar de traballo: A determinar en cada caso

FUNCÍONS DO POSTO

A persoa será contratada para realizar traballo de campo propio do proxecto. Tras poñerse en contacto con aqueles centros ou espazos sociais que poidan facilitarlles o acceso ás persoas en situacións de pobreza e exclusión social que cumpran os requisitos do proxecto, contactarán directamente con elas para informarlles do proxecto e, no seu caso, acordar a súa participación no mesmo.

A partir dese momento, deberá desenvolver o resto do traballo de campo coas persoas participantes (impartición de formación sobre os trámites do IMV, contactos telefónicos

ou presenciais, realización de enquisas, etc.) así como intervir nas demais actividades de coordinación do proxecto nas que se requira a súa presenza, elaborar informes, etc.

Así mesmo, implicarase no apoio dos procesos de incidencia política no eido de acceso ao IMV e rendas de inclusión social como a RISGA.

Entre as funcións concretas a desenvolver pódense citar as seguintes:

- Contactar e chegar a acordos con aqueles centros e espazos sociais que sexan necesarios para o bo arranque e desenvolvemento do proxecto.
- Contactar coas persoas beneficiarias do proxecto, tanto de maneira presencial coma telefónica.
- Acordar a participación de quen cumpra os requisitos preestablecidos.
- Realizar as enquisas previstas.
- Formar e informar sobre os trámites necesarios para o acceso ao Ingreso Mínimo Vital.
- Participar nas distintas reunións ou seminarios de coordinación ou seguimento ás que sexa convocada.
- Manter, de maneira habitual, a interlocución necesaria co resto do persoal do proxecto, e moi especialmente con quen desenvolve labores de coordinación, seguindo as súas instrucións e poñendo no seu coñecemento todas aquelas incidencias que se produzan.
- Responsabilizarse do envorcado dos datos que sexan necesarios na correspondente aplicación.
- Respetar a necesaria confidencialidade e o coidado na custodia de aqueles datos de carácter persoal aos que acceda no exercicio das súas funcións, cun escrupuloso respecto á lexislación vixente nesta materia.
- Realizar o necesario acompañamento ás persoas en situación de vulnerabilidade que participan no proxecto, para resolver calquera dúbida que poidan expoñer.
- Elaborar os distintos informes ou outros documentos que lle correspondan ou lle sexan requiridos pola persoa que se ocupa da coordinación.
- Participar no proceso de participación das entidades membro de EAPN Galicia na elaboración de propostas de mellora da Lei de Inclusión Social de Galicia e do sistema galego de garantía de ingresos.

REQUISITOS NECESARIOS

- Experiencia demostrable en traballos que impliquen intervención con persoas en situacións de pobreza ou vulnerabilidade. Especialmente na xestión, acompañamento e apoio na presentación de solicitudes de Ingreso Mínimo Vital e/ou RISGA). Valorarase a realización de voluntariado neste ámbito.
- Formación académica de ámbito medio ou superior, especialmente no ámbito das ciencias sociais ou humanas (Diplomaturas ou Grados de Psicoloxía, Traballo Social, Educación Social, Integración Social, etc.)
- Formación complementaria vinculada ás materias de acción de EAPN: pobreza, exclusión social, desigualdades...
- Valorarase experiencia como formador/a.

- Manexo do paquete Office ou doutros programas ou ferramentas de xestión e análise que sexan necesarias para desenvolver as labores do posto.
- Vehículo propio e permiso de conducir B.
- Disponibilidade para viaxar.
- Flexibilidade horaria.

COMPETENCIAS E CAPACIDADES REQUIRIDAS

- Orientación a resultados e ao traballo en equipo
- Xestión e intelixencia emocional. Alta capacidade de empatía.
- Proactividade na resolución de problemas.
- Flexibilidade, resiliencia e iniciativa.
- Habilidades comunicativas e interpersoais.
- Planificación / organización.
- Dominio de técnicas de redacción e da linguaxe.
- Alta motivación e identificación cos valores, misión e visión de EAPN.

CONDICIÓN DO POSTO

- Tipo de contrato: Eventual duración un ano. Xornada completa.
- Retribución: Convenio de Acción e Intervención Social. Grupo 2 + complemento en función da experiencia aportada.
- Flexibilidade horaria
- Viaxes frecuentes
- Incorporación: 02/11/2022

CONCORRENCIA

Envío ao enderezo electrónico info@eapn-galicia.com ata o **13 de outubro** de 2022 (incluído) co asunto **Selección técnica IMV + NOME E APELIDOS**", achegando **CV actualizado e unha carta de motivación e experiencia que inclúa 2/3 propostas xustificadas** para a mellora do sistema de rendas mínimas en Galicia (IMV e/ou RISGA).